



Actividade extraescolar: Camiño a Santiago, días 9 e 10 de maio de 2014.

O IES A Xunqueira II, dentro do programa europeo Comenius-Regio "Through culture to the common future", organiza a actividade do Camiño a Santiago conforme ao seguinte:

Desenvolvemento:

- Autobús Pontevedra- Padrón. Ás 8:30h. no centro faremos as dinámicas previas.
- Ruta de senderismo dende a igrexa do Apóstolo en Padrón até Santiago de Compostela.
- Aloxamento, manutención e actividades organizadas pola escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco, coma membro participante no proxecto Comenius-Regio.
- Autobús de volta de Santiago, partindo ás 19:30h. Aproximadamente.





CAMINO DE SANTIAGO

Actividades previstas:

- Convivencia, sendeirismo e actividades de amizade.
- Celebración Xove do Perdón (O banquete da misericordia) na noite do venres.
- Eucaristía do Peregrino na Catedral o sábado ás 12,00 h, como marca a tradición.
- Actividade *Living history* (percorrido polo casco histórico de Compostela con GPS) e animación sociocultural.



 **Custo** → **33€.** (Inclúe: transporte de ida e volta, vehículo de apoio, primeiros auxilios, manutención completa (cea, almuerzo e comida; aloxamento en pavillón/liteiras con servizo de aseo) e tódalas actividades previstas.

 **Observacións** → O peregrino debe levar a comida do primeiro día nunha pequena mochila. A mochila pesada (coa roupa, aseo, saco de durmir, esterilla ...) irá no autobús de acompañamento. Unha vez confirmadas as persoas asistentes indicáremoste a relación do que se necesita para o camiño.

 **Prazos** → **Até o 28 de abril.** (*Non se devolverán os cartos agás enfermidade xustificada*)

Don/a _____, con DNI _____, como pai/nai ou titor/a legal da/o alumna/o _____, do curso (1/2/3/4) _____º da etapa (ESO/BAC) _____, do grupo (A/B/C/D) _____ autorízo a participar na actividade extraescolar "*Camiño a Santiago*" que se realizará os días 9 e 10 de maio de 2014 achegando as cantidades indicadas. Son consciente de que a miña/o meu filla/o deberá, en todo momento, atender as indicacións, seguir o comportamento e as indicacións que lle faga o profesorado. Estes non serán responsables das consecuencias de calquera acto que se derive do incumprimento das instrucións por parte do alumnado.

Asinado:

Pontevedra, ____ de _____ de 2014

Don/a _____.





Consellos para o camiño → Co finalidade de levar o mellor posible o percorrido a pe, debemos ter en conta o seguinte



Hixiene persoal e vestimenta:

- O máis importante é un calzado (deportivos ou botas de senderismo) que sexa cómodo e xa moi usado.
- As uñas dos pés cortadas na xusta medida.
- Calcetíns de algodón ou dos que chaman “técnicos de deporte”. O fundamental é que se axusten ben ao pé para non facer engurras.
- Vístete por capas de maneira que poidas abrigarte nas paradas. Os pantalóns desmontables son unha boa opción se queres lucir as pernas ao sol.
- Gorro ou sombreiro para o sol. (Gafas de sol e crema protectora son recomendables)
- Chaleco reflectante: facilitaránolo o persoal do centro antes de saír e terémolo que poñer sempre durante a marcha para facernos visibles e, se callar, para non ser multados.

Para levar no camiño poñemos nunha pequena mochila...

- Fotocopia de tarxeta da Seguridade Social/Mutualidade + Fotocopia ou orixinal do DNI.
- Panos de papel para as “necesidades no campo”.
- Protectores contra ampolas (moi recomendable).
- Comida de “eu trouxe” (Eu trouxe salchichón, eu trouxe chourizo) e bebida. Pódese encargar algún bocadillo previamente na cafetería do instituto. Tamén chocolate, froitos secos e cousas que pesen pouco e alimenten moito.
- Un chubasqueiro no caso de que no día anterior se saiba que pode chover.
- As túas propias medicinas se téis algunha alerxia ou enfermidade que haxa que controlar.
- Se levas móbil, moedeiro e obxectos de valor gárdaos nun peto con cremallera ou de xeito que non che caian durante o camiño.

Poñemos nunha mochila grande, bolso ou maleta...

- Saco de durmir + Esterilla illante.
- Utensilios de aseo persoal en tamaño “mini”.
- Toalla mediana (hainas de deporte que pesan pouco).
- Chanclas para a ducha que tamén nos servirán para descansar os pés logo da marcha.
- Unha muda de roupa para o día seguinte.
- Roupa de abrigo tal como sudadera ou camiseta térmica porque é posible que necesites abrigarte despois da ducha ou pola noite.
- Bolsas de plástico para gardar a toalla húmida ou outros obxectos.
- Non poñas botellas nin latas nin nada que poida romperse durante o transporte.
- No caso de que se saiba que vai chover é preciso protexer a roupa dentro de bolsas pois pode mollarse nos pequenos desprazamentos.



CAMINO DE SANTIAGO

